



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

63118I00XP 631/2024/202

CONVENIO URBANÍSTICO MIXTO DE PLANEAMENTO E EXECUCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA ÁREA DE PLANEAMIENTO INCORPORADO API Q28 "PARQUE DE OZA".

No Concello da Coruña, a 11 de setembro do 2024.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Francisco Dinís, Díaz Gallego, concelleiro de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda, autorizado por acordo da Xunta de Goberno Local do 19.06.2024, para a subscripción do presente convenio.

Doutra parte, D^a Verónica Cernadas Capelán, [REDACTED], como presidenta da Xunta de Compensación APE H9.01 "Parque de Oza".

INTERVEÑEN

O primeiro, actuando en representación do Excmo. **CONCELLO DA CORUÑA**, asistido pola Oficial Maior do Concello da Coruña, D^a María Esther Martínez Álvarez.

A segunda, en nome e representación da **XUNTA DE COMPENSACIÓN APE H9.01 "PARQUE DE OZA"**, co C.I.F. V-15764608 e con enderezo na rúa Posse, 45 1º-B, 15.009, A Coruña.

As partes, na condición na que interveñen, recoñécense reciprocamente capacidade legal e competencia suficientes para subscribir o presente Convenio polo que:

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña aprobouse definitivamente o 19 de outubro de 1998, configurando un área de reparto en solo urbano non consolidado denominada Área de Repartición "ARE H9.01" conformada polos seguintes ámbitos:



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📄 63118I00XP 📁 631/2024/202

- a) Un Área de Planeamento Específico, o APE H9.01 "Parque de Oza".
- b) Un Polígono, o POL H9.11 "Fariña Ferreño".
- c) Un sistema xeral de espazos libres, o EG H9.01 "Parque de Oza".
- d) Un viario local, o VL H9.01 "Ampliación de viario xunto ao Parque de Oza".

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no PXOM de 1998, o medio de obtención previsto para o EG 9H.01 e VL H9.01 era o de ocupación directa, mentres que o sistema de actuación previsto para o propio APE H9.01 era o de compensación, resultando que, por razón da súa inclusión na mesma Área de Repartición, os propietarios dos terreos de EG H9.01 e VL H9.01 materializarían o aproveitamento urbanístico correspondente aos seus terreos afectados, nos ámbitos "edificables" APE H9.01 "Parque de Oza" e POL H9.01 "Fariña Ferreño".

Co obxecto da súa execución, por resolución de data 15 de decembro de 2006 adoptada no expediente 620/2005/58 pola Xunta de Goberno Local, o Concello da Coruña acordou a aprobación definitiva do "Proxecto de Ocupación Directa para a execución do EG e VL H9.01 Parque de Oza" que concluíu coas actas de ocupación en virtude das cales se formalizou e levou a cabo a ocupación material dos terreos afectados.

TERCEIRO.- Dentro do ámbito APE H9.01 "Parque de Oza", o PXOM 1998 identificaba os seguintes equipamentos -o QL APE H9.01XX e o QL APE H9.01ED-, e un viario local -o VL APE H9.01. Ao obxecto de obter os devanditos terreos, o Concello da Coruña procedeu anticipadamente á xestión, desenvolvemento e execución do ámbito completo APE H9.01, á elaboración e tramitación do "Proxecto de Ocupación do QL APE H9.01XX e QL APE H9.01ED e parte do VL APE H9.01" o cal foi obxecto de aprobación definitiva en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de xuño de 2005, e cuxo expediente 620/2005/9 ao que deu lugar, concluíu co levantamento das actas de ocupación en virtude das cales se formalizou e levou a cabo a ocupación material dos terreos afectados.



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento
📁 63118I00XP 📁 631/2024/202

CUARTO.- En desenvolvemento do dito PXOM o 12 de maio de 2008 foi aprobado definitivamente o Estudio de Detalle para o reaxuste de rasantes, concreción de aproveitamentos e establecemento de condicións estéticas e complementarias da ordenación no ámbito do APE H9.01 “Parque de Oza”.

Asemade, o 7 de setembro de 2009 foi aprobado definitivamente o Estudio de Detalle do ámbito APE H9.01, co obxecto de concretar as rasantes e a ocupación en planta, así como a altura total da futura edificación, na parcela obxecto do Expediente de Ocupación Directa do equipamento QL-APE H9.01 XX e parte do viario local VL-APE H9.01.

Ademais o Concello da Coruña executou de forma anticipada, as “obras ordinarias de urbanización nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos” e as “obras de urbanización na rúa Antonio Ríos”, por un importe total de **1.067.779,48 euros** (IVE incluído), segundo consta acreditado no informe emitido polo xefe do Servizo de Infraestruturas do 17/01/2018, que se achega como **Anexo I**.

QUINTO.- Mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 25 de marzo de 2013 foi aprobado definitivamente o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, que incorpora os terreos do APE H9.01 “Parque de Oza” como Área de Planeamento Incorporado API Q28 “Parque de Oza” (en diante, API Q28 “Parque de Oza”), cunha superficie de 64.430,58 m², dos cales 9.282,83 m² son de titularidade pública e 55.147,75 m² de titularidade privada, e cunha superficie edificable total de 136.704,50 m², coa clasificación de solo urbano non consolidado.

O dereito para materializar o aproveitamento urbanístico dos propietarios dos solos afectados polos expedientes de ocupación directa coas referencias 620/2005/9 e 620/2005/58, foi recoñecido polo Concello da Coruña, resultando do seguinte modo:



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📁 63118I00XP 📁 631/2024/202

- Aproveitamento de 42.174,21 m²etuc proveniente da ocupación directa do EG H9.01 "Parque de Oza" e do VL H9.01 "Ampliación de viario xunto ao Parque de Oza".
- Aproveitamento de 14.030,91 m²etuc proveniente da ocupación directa do equipamento QL-APE H9.01 XX, parte do viario VL-APE H9.01 e do equipamento QL-APE H9.01 ED.
- Aproveitamento de 4.637,68 m²etuc recoñecido con cargo ao 10% de cesión.

Como consecuencia do anterior:

- a) O aproveitamento do API Q28 "Parque de Oza" que resta, una vez descontado (60.842,8 m²etuc) comprometido con diversos propietarios, é de 81.715,32 m²etuc (sendo o aproveitamento lucrativo homoxeneizado do ámbito 142.558,12 m²etuc).
- b) O aproveitamento que resta do 10% de cesión correspondente ao Concello da Coruña, una vez descontado (4.637,68 m²etuc), o comprometido con diversos propietarios, é de 9.618,13 m²etuc (sendo o aproveitamento lucrativo homoxeneizado obxecto de cesión gratuíta 14.255,81 m²etuc).
- c) Derivado do anterior, o aproveitamento a adxudicar aos propietarios de parcelas de orixe no ámbito do API Q28 daría un resultado de 72.097,19 m²etuc, segundo informe da arquitecta técnica de xestión do solo do 25/01/2024, que se achega como **Anexo II** a este convenio.

Asemade, están pendentes de materializar as superficies de cesión para sistemas locais na superficie de 42.022,40 m², sendo 29.225,93 m² destinados a viario, 6.854,99 m² destinados a espazos libres públicos e 5.941,48 m² destinados a equipamento público, que deberán recollerse todos eles no citado API Q28 "Parque de Oza".



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA


Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo


Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento


📁 63118I00XP 📁 631/2024/202



SEXTO.- O proxecto de Estatutos e Bases da Xunta de Compensación do APE H9.01 “Parque de Oza” (en adiante, “Xunta de Compensación”) foi aprobado definitivamente en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña en sesión de 25 de novembro de 2005 (BOP nº 6 de 09/01/2006). A Xunta de Compensación constituíuse o 6 de abril de 2006 mediante escritura pública autorizada polo Notario de A Coruña Don Ramón González Gómez con nº 752 do seu protocolo. Dita constitución foi aprobada polo Concello da Coruña mediante Resolución de 4 de decembro de 2006, e acordouse a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras en virtude de Resolución do Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de 8 de maio de 2007, nº 17/07.



SÉPTIMO.- É firme a STSX de Galicia nº 383/2020, do 3 de xullo (rec. 4042/2020), que ratificou a ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 nº 210/2019 (PO 240/2018), pola que foi desestimado o recurso contencioso-administrativo interposto polo representante da Xunta de Compensación contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de agosto de 2018, que anulou o acordo do 26 de decembro de 2014 que aprobou definitivamente o texto refundido do proxecto de compensación do API Q28 “Parque de Oza”.



OITAVO.- Tras a declarada nulidade do proxecto de compensación do API Q28 “Parque de Oza” do 26 de decembro de 2014, o 28 de setembro de 2023 a Asemblea Xeral dá Xunta de Compensación, aproba inicialmente un novo Proxecto de Compensación do API Q28 “Parque de Oza”, e o presenta o 5 de outubro de 2023 no Concello da Coruña para a súa tramitación.

NOVENO.- Non obstante, o Concello da Coruña, en virtude de Decreto de 28 de decembro de 2023 do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da alcaldesa (BOP número 121 de 27 de xuño de 2023) acorda suspender o prazo de tres meses para a aprobación definitiva do proxecto de compensación do API Q28 “Parque de Oza” aprobado inicialmente o 28



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📄 63118100XP 📁 631/2024/202

de setembro de 2023, en virtude do disposto no artigo 22.1.f) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A dita suspensión vén xustificada polas negociacións existentes entre o Concello da Coruña e a Xunta de Compensación para a formulación dun pacto ou convenio que acade unha mellora na ordenación urbanística do dito ámbito.

Resulta necesario contar cun planeamento urbanístico que deberá resolver previamente un mellor artellamento dos espazos libres públicos, mellora da mobilidade no barrio e unha maior integración paisaxística das solucións volumétricas propostas, debéndose adaptar o citado proxecto de compensación, nestes intres suspendido, do API Q28 "Parque de Oza".

DÉCIMO.- Como establece o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu Título VII, a determinación do contido de modificacións do plan en vigor e os termos e condicións da súa xestión e execución poden regularse a través da subscripción dun convenio mixto de planeamento e xestión co obxecto de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística. Neste contexto, o presente Convenio establece os criterios urbanísticos que deberá ter en conta a nova ordenación que modifique a actualmente vixente para o API Q28 "Parque de Oza" prevista no vixente PXOM, e iso mediante a tramitación dun Plan Especial de Reforma Interior, e simultaneamente á tramitación dos instrumentos de xestión e urbanización adaptados, co alcance e condicións previstas no clausulado do presente Convenio.

DECIMOPRIMEIRO.- O artigo 2.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que a dirección e o control da actividade urbanística constitúen unha función pública e corresponden, en todo caso, á administración urbanística competente. O anterior, sen prexuízo de que tal e como sinala o art. 2.3 da dita Lei, cando o mellor cumprimento dos fins e obxectivos do planeamento urbanístico así o aconselle, suscitárase a iniciativa privada, podendo celebrarse convenios urbanísticos con



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📄 63118I00XP 📁 631/2024/202

particulares coa finalidade de establecer os termos de colaboración para o mellor e eficaz desenvolvemento da actividade urbanística. Neste suposto, resulta conveniente recadar a dita colaboración privada para os efectos de acadar no prazo máis áxil posible os obxectivos establecidos na cláusula primeira deste convenio, con base aos principios de racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, consonte aos principios establecidos no artigo 3.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello da Coruña actúa con base á competencia outorgada polos artigos 12 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como pola sinalada polo artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Para os efectos expostos, o Concello da Coruña, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local, co CSV 245V2E2K4X2G0U2V09O5, na sesión ordinaria do 04.09.2024, autorizou firmar o presente Convenio.

Pola súa parte, a Xunta de Compensación actúa como entidade urbanística colaborada (art. 322.2.c do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do Solo de Galicia) para o desenvolvemento do dito ámbito, e a tal efecto a Asemblea Xeral da Xunta de Compensación na sesión realizada o 29 de xullo do 2024, aprobou a firma do presente convenio urbanístico, quedando o/a Presidente/a facultado expresamente para elo.

Para os efectos anteriores, teranse en conta as disposicións previstas na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Ambas partes, conscientes da necesidade de acadar os principios de desenvolvemento territorial e urbano sostible, adoptan o seguinte ACORDO, con base nas seguintes



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📄 63118I00XP 📁 631/2024/202

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do Convenio os compromisos das partes para a reordenación do ámbito dá Área de Planeamento Incorporado API Q28 “Parque de Oza”, para os efectos de acadar os seguintes fins:

1. Unha ordenación urbanística integral e cohesionada do polígono a partir do coñecemento do tecido urbano e da súa evolución dende a aprobación do vixente PXOM de 2013 que determinou o dito desenvolvemento como área de planeamento incorporado (API).
2. Unha ordenación e edificabilidade adaptada á topografía e ao contorno.
3. O fomento da conectividade e da mobilidade acorde co Plan Municipal de Mobilidade Sostible. Cómpre facilitar a accesibilidade do ámbito coa cidade, así como no interior da peza a ordenar, fomentando a súa relación cos barrios de Eirís e do Castrillón: con formas de mobilidade sustentable, itinerarios peonís seguros e accesibles, e desprazamentos mediante formas de transporte sostibles.
4. A sostibilidade e a calidade do espazo público; Crear un salón urbano que permita unha maior mobilidade peonil no barrio e o deseño de miradoiros visuais que permitan o lecer e o disfrute das perspectivas urbanas da cidade.
5. Xerar unha rede de prazas e espazos libres, eixos e vías verdes, na procura dunha ampliación do Parque de Oza ata o Castrillón facendo permeables as edificacións previstas entre o parque e dito barrio, acadando unha porosidade visual entre bloques e unha integración harmoniosa na contorna.



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda


Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📠 63118100XP 📁 631/2024/202

6. Xerar súper mazás e novas centralidades urbanas, creando espazos de relación capaces de atraer e fixar novos residentes no barrio do Castrillón.
7. Contribuír a implantar no deseño dos espazos públicos e nas edificacións resultantes, unha imaxe contemporánea, con respecto á identidade do barrio e da súa memoria. Terá que terse en conta na xeración de espazos de cohesión social, a contribución da mellora na calidade de vida dos seus habitantes. Débese integrar no deseño dos mesmos, o enfoque de xénero e de igualdade de trato entre homes e mulleres, que permita a xeracións duns espazos seguros e de calidade.
8. Implantar novas tipoloxías residenciais, vivenda alcanzable e combinación de usos complementarios. Xerar nas novas edificacións equipamentos de proximidade, tanto públicos como privados, que permitan unha maior diversidade de usos e faciliten as correspondentes dotacións e servizo de proximidade.
9. Potenciar a calidade do entorno construído, da paisaxe e das escenas urbanas. Apostar polo urbanismo e arquitectura de calidade no barrio.
10. Fornecer a porosidade da proposta e dunha nova forma de uso da cidade que integre paisaxísticamente e urbanísticamente a nova ordenación coa súa contorna. Partirase dunha mellora da integración estética e paisaxística do ámbito a ordenar no conxunto do barrio do Castrillón, cun amplo proceso de reurbanización. Deberase fornecer e renovar as infraestruturas e servizos que doten ao ámbito dun adecuado equipamento urbano.





Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

☎ 63118100XP 📁 631/2024/202

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO CONVENIO

Para a consecución do Obxecto do Convenio da Cláusula Primeira, as partes acordan levar a cabo as seguintes actuacións:

- a) Establecer os criterios orientativos para a redacción de novo planeamento que acade un mellor artellamento volumétrico, permeabilidade, integración e un mellor artellamento dos espazos públicos.
- b) A redacción e tramitación dun Plan Especial de Reforma Interior da Área de Planeamento Incorporado API Q28 “Parque de Oza” (adiante, “PERI”), como actuación sobre o medio urbano, que permita realizar unha actuación de renovación urbana no API Q28 “Parque de Oza” dada a súa estreita incidencia e relacións cos barrios do Castrillón, a Gaiteira e Eirís.
- c) A tramitación simultánea dos instrumentos de equidistribución e urbanización unha vez que o PERI acade a aprobación provisional.

TERCEIRA.- CRITERIOS DE ORDENACIÓN

Os instrumentos de planeamento, xestión e execución das letras b) e c) da Cláusula Segunda deberán recoller, polo menos, as seguintes previsións:

3.1.- Desenvolver a superficie edificable establecida no API Q28.a “Parque de Oza”, mantendo o aproveitamento e a edificabilidade máxima prevista na ficha urbanística do API-Q28, con parámetros que permitan unha mellor integración paisaxística dos volumes edificatorios previstos, que posibilite unha maior permeabilidade e porosidade das edificacións así como a súa relación e mellor artellamento dos espazos libres públicos cara a súa funcionalidade e o disfrute da veciñanza, resolvendo os problemas de mobilidade que poidan existir entre as conexións entre os barrios de O Castrillón, coa Gaiteira e con Eirís. A tal efecto, os criterios de ordenación deberán desenvolver os obxectivos establecidos na cláusula primeira deste convenio.



Concello da Coruña


ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo


Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📄 63118I00XP 📁 631/2024/202




3.2.- Destinar un 10% de vivenda destinada a protección pública ante a inexistencia da previsión do vixente planeamento para o dito ámbito. O solo correspondente á dita vivenda será adxudicado ao Concello da Coruña no instrumento de equidistribución tanto o correspondente á cesión do 10% do aproveitamento urbanístico como o que poida corresponder á parcelas de orixe patrimoniais municipais, pasando a formar parte do patrimonio municipal do solo, dando cumprimento ao artigo 134 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Incorpórase como **Anexo III** unha ordenación orientativa, sen prexuízo da súa concreción e detalle no documento de Plan Especial.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE COMPENSACIÓN.

- 
1. Redactar o PERI nas diversas fases do planeamento, achegando no prazo de tres meses dende a publicación da ratificación definitiva do presente Convenio o borrador e o documento ambiental estratéxico do dito PERI.
 2. Logo de emitirse o informe de avaliación ambiental pola Xunta de Galicia, no prazo de tres meses, emitir informe con respecto ás suxestións formuladas no período de consultas e presentar un documento para a súa aprobación inicial polo órgano municipal competente.
 3. Emitir o informe sobre as alegacións que poidan presentarse no período de información ao público.
 4. Achegar ao Concello da Coruña o documento para a aprobación provisional no prazo máximo de dous meses logo de que finalice o período de exposición pública e recibidos os informes sectoriais.



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📄 63118I00XP 📁 631/2024/202

5. Presentar o documento para a aprobación definitiva, no prazo máximo dun mes, unha vez que sexa emitido o informe preceptivo e vinculante pola Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.
6. Elaborar e presentar no prazo máximo de tres meses dende o informe preceptivo e vinculante favorable do órgano competente en materia de urbanismo trala aprobación provisional do Plan Especial, previsto no artigo 75.1.e) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o proxecto de compensación (aprobadado inicialmente pola Xunta de Compensación) e o proxecto de urbanización, para os efectos de posibilitar a tramitación simultánea dos instrumentos de xestión e execución urbanística co planeamento.
7. Asumir a súa custa as indemnizacións correspondentes aos dereitos de realoxo e de retorno que correspondan aos ocupantes legais do dito ámbito, coas indemnizacións que correspondan.
8. Satisfacer ao Concello a cantidade de 1.067.779,48 euros (IVA incluído) euros correspondentes ás obras do Proxecto Modificado nº 1 de obras ordinarias das rúas Casanova de Eirís e Avda. dos Caídos, así como las obras de urbanización en la Calle Antonio Ríos, referidas no expositivo cuarto do presente documento. O devandito importe, satisfacerase no prazo máximo dun mes dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización do ámbito.
9. Executar, no ámbito das súas facultades, a demolición das edificacións incompatibles co planeamento, en situación de ruína ou en deficiente estado de conservación, que durante o desenvolvemento das actuacións vaian quedando desocupadas, sen prexuízo de que deberán obter previamente o correspondente título habilitante municipal.



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA


Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo



Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📄 63118I00XP 📁 631/2024/202

- 
10. Integrar no proxecto de urbanización a correspondente solución electromecánica que permita favorecer as condicións de accesibilidade e mobilidade peonil entre a Ronda de Outeiro e a Rúa Antonio Ríos, asumindo os custes de urbanización da dita actuación.

QUINTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DA CORUÑA

- 
- 
1. Impulsar consonte aos principios de eficacia e axilidade administrativa a tramitación do PERI.
 2. Dende a presentación do documento nas súas distintas fases de elaboración, remitir o documento ás distintas administracións afectadas nun prazo máximo dun mes dende a súa recepción, e emitir as respostas, informes e calquera outro acto de instrución para proceder, se é o caso, á súa aprobación.
 3. Logo que o PERI alcance a aprobación provisional, conforme á cláusula Cuarta apartado 6, acordar a súa tramitación simultánea cos instrumentos de equidistribución e urbanización que serán presentados pola Xunta de Compensación a tal fin, de conformidade co establecido no artigo 95.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, segundo os principios de eficacia e axilidade administrativa.
 4. Reunirse periodicamente co equipo redactor do PERI e dos instrumentos de equidistribución e urbanización, para os efectos de resolver calquera dúbida que poida xurdir tanto na tramitación dos instrumento de planeamento como dos de xestión e urbanización.
 5. Facilitar a recadación das cotas de urbanización, tramitando os correspondentes procedemento de prema, por solicitude da Xunta de Compensación.



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Departamento de Planeamento

📄 63118I00XP 📁 631/2024/202

6. Achegar a relación dos propietarios con dereito a realoxo e retorno, para os efectos previstos no artigo 19 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que foi aprobado o Texto Refundido da Lei do Solo e de Rehabilitación Urbana.
7. Facilitar a demolición das edificacións incompatibles co planeamento, en situación de ruína ou en deficiente estado de conservación, que durante o desenvolvemento das actuacións vaian quedando desocupadas.

SEXTA.- CONSECUENCIAS APLICABLES EN CASO DE INCUMPRIMENTOS DAS OBRIGAS DAS PARTES E, DE SER O CASO, CRITERIOS PARA DETERMINAR A POSIBLE INDEMNIZACIÓN NO SUPOSTO DE INCUMPRIMENTO.

Consonte ao previsto no art. 399 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o Regulamento da Lei do Solo, o Concello da Coruña deberá tramitar ata a súa aprobación definitiva o PERI de conformidade coa cláusula segunda do presente Convenio, pero conservará a plena potestade de planeamento por razóns de interese público. A tal efecto, o Convenio só vinculará ás partes que o subscriben para á iniciativa e tramitación do procedemento correspondente, con base no acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de solucións concretas de ordenación.

En caso de que finalmente non se aprobara o cambio de planeamento, no prazo dun ano con respecto á aprobación inicial e no prazo de dezoito meses a aprobación definitiva dende a dita aprobación inicial, o convenio entenderase automaticamente resolto, agás que o dito incumprimento o sexa por causas non imputables a ningunha das partes, sen que poida comportar enriquecementos inxustos.

SÉTIMA.- COMPETENCIA E TRAMITACIÓN

Este Convenio urbanístico con natureza mixta de planeamento e execución, será exposto ao público e seguirá a tramitación prevista no artigo 168 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e nos artigos 401 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do Solo.



Concello da Coruña

ÁREA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

Dirección da Área de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento
📄 63118I00XP 📁 631/2024/202

Logo da tramitación sinalada nos ditos artigos, o Convenio perfeccionarase desde a súa sinatura, que se deberá realizar, en todo caso, despois da ratificación polo Pleno do Concello do seu texto definitivo.

A eficacia da aprobación deste convenio queda supeditada a que sexa aprobada polo Pleno do Concello, ao ser o órgano competente para a aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma Interior, que se establece como instrumento vehicular para o cumprimento dos fins deste convenio.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de dar cumprimento o compromiso do Concello da Coruña de reunirse periodicamente co equipo redactor dos instrumentos de planeamento, xestión e urbanización do API Q28 prevista no apartado 6 da Cláusula Quinta, poderase constituír unha Comisión de Seguimento, a petición de calquera das partes, co fin de analizar e interpretar todas as cuestións que xurdan relativas á interpretación do Convenio, sen prexuízo das competencias e facultades resolutorias que legalmente correspondan aos órganos municipais.

Na devandita Comisión, poderán participar todos os interesados que subscriben este Convenio e poderán actuar asistidos polo seus respectivos asesores.

